




CEP PLURILINGÜE

DE

RIOMAIOR



CONCRECIÓN CURRICULAR

DATA APROBACIÓN POLO CLAUSTRO: 19/12/23



TÁBOA DE CONTIDO

1. A ADECUACIÓN DOS OBXECTIVOS XERAIS DAS ETAPAS AO CONTEXTO DO CENTRO	0
2. A CONTRIBUCIÓN Á ADQUISICIÓN DAS COMPETENCIAS CLAVE	6
3. OS CRITERIOS PARA DESENVOLVER OS PRINCIPIOS PEDAGÓXICOS E INCORPORAR OS ELEMENTOS TRANSVERSAIS	9
4. OS CRITERIOS DE CARÁCTER XERAL SOBRE A METODOLOXÍA	10
5. OS CRITERIOS DE CARÁCTER XERAL SOBRE OS MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS	12
6. OS CRITERIOS DE OFERTA EDUCATIVA, ITINERARIOS E OPTATIVIDADE, DE SER O CASO	15
7. OS CRITERIOS PARA O DESEÑO DAS ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS	15
8. OS CRITERIOS PARA O DESEÑO DOS PLANS DE REFORZO OU DE RECUPERACIÓN PARA O ALUMNADO QUE PROMOCIONE CON MATERIAS, ÁMBITOS OU MÓDULOS PENDENTES DE CURSOS ANTERIORES, DE SER O CASO	18
9. OS CRITERIOS PARA O DESEÑO DOS PLANS ESPECÍFICOS DE REFORZO OU PERSONALIZADOS PARA O ALUMNADO QUE DEBA PERMANECER UN ANO MÁIS NO MESMO CURSO, DE SER O CASO	19
10. OS CRITERIOS XERAIS PARA A AVALIACIÓN, E DE SER O CASO, A PROMOCIÓN E A TITULACIÓN	20
11. OS CRITERIOS XERAIS DO OUTORGAMENTO DE MATRÍCULAS DE HONRA, DE SER O CASO .	22
12. AS DECISIÓNS E CRITERIOS XERAIS PARA A ELABORACIÓN E AVALIACIÓN DAS PROGRAMACIÓNS DIDÁCTICAS	23
13. OS CRITERIOS PARA A PARTICIPACIÓN DO CENTRO EN PROXECTOS, PLANS E PROGRAMAS	24
14. O PROCEDIMENTO PARA A REVISIÓN, AVALIACIÓN E MODIFICACIÓN DA CONCRECIÓN CURRICULAR.....	25

1. A ADECUACIÓN DOS OBXECTIVOS XERAIS DAS ETAPAS AO CONTEXTO DO CENTRO

O CEP Plurilingüe de Riomaor é un centro rural do litoral da enseada de San Simón.

Conta con 105 alumnos/as e un claustro de 12 mestres/ as a meirande parte da poboación adícanse ao marisqueo a ao sector servizos.

A Lei Orgánica 3/2020, de 29 de decembro, de Educación (LOMLOE), establece os principios e fins do noso sistema educativo; estes principios, que nós resumimos en catro fundamentais, son asumidos polo Centro e constitúen a base na que se asenta o Proxecto Educativo:

- Proporcionar unha educación de calidade para que todo o noso alumnado alcance o máximo desenvolvemento persoal, intelectual, social e emocional, independentemente da súa condición e circunstancias.
- Equidade que garanta a igualdade de oportunidades para todos, cunha orientación inclusiva e non discriminatória.
- Compromiso e esforzo compartido por todos os que conformamos a comunidade educativa de CEP do Riomaor.
- Autonomía para establecer e adecuar as actuacións organizativas e curriculares no marco das competencias e responsabilidades do Centro.

Os Obxectivos Xerais son formulacións dos propósitos que no CEP de Riomaor pretendemos conseguir a partir da diagnose do Centro e da súa contorna. Fundamentados nos principios sinalados, abranguen todos os ámbitos de xestión do Centro e implican unha vontade de planificación e desenvolvemento posterior mediante outros Planos de intervención máis específicos, operativos e medibles. É a nosa intención conectalos coas expectativas e demandas sociais, a través dun planeamento sinérxico de profesorado, alumnado, nais e pais e da comunidade escolar en xeral, actuando especialmente en campos que consideramos esenciais na consecución de parámetros de calidade, equidade e eficiencia:

- Implicar de maneira efectiva e esforzarse compartido toda a comunidade educativa.
- Introducir as novas tecnoloxías na aula e na práctica docente, a través da aplicación do Proxecto TIC.
- Fomentar a lectura, a escritura e as habilidades informativas, que se desenvolven a través do Plan Lector.
- Atender á diversidade e prever as dificultades de aprendizaxe, que concreta e desenvolve o Plan de Atención á Diversidade.
- Desenvolver habilidades sociais e hábitos de traballo.
- Fomentar a convivencia e a participación, a través do Plan de Convivencia.
- Poñer en práctica o Plan de Igualdade.
- Atender ao Plan de Acolida
- Promover decididamente o plurilingüístico e a cultura galega, que ten a súa concreción no Proxecto Sociolingüístico do Centro.

Serán amplos e integrais, xa que se refiren a todo tipo de acción educativa; serán dinámicos, porque cambiarán co tempo na medida que poidan variar os problemas, as situacións, necesidades ou intereses e serán flexibles, porque o seu grao de xeneralidade permite que se teñan en conta as diferenzas individuais.

Obxectivos da etapa

A educación primaria contribuirá a desenvolver nas nenas e nos nenos as capacidades que lles permitan obter os obxectivos da etapa:

a) Coñecer e apreciar os valores e as normas de convivencia, aprender a obrar de acordo con elas de forma empática, prepararse para o exercicio activo da cidadanía e respectar os dereitos humanos, así como o pluralismo propio dunha sociedade democrática.

-Apreciar e coñecer a importancia dos valores que rexen a vida do centro e as normas de convivencia, que rixen a vida do centro e da sociedade

b) Desenvolver hábitos de traballo individual e de equipo, de esforzo e de responsabilidade no estudo, así como actitudes de confianza en si mesmo, sentido crítico, iniciativa persoal, curiosidade, interese e creatividade na aprendizaxe, e espírito emprendedor.

-Potenciar o traballo cooperativo, esforzo persoal e espírito crítico respectando os puntos de vista e asumindo responsabilidades, principalmente no traballo por proxecto, pero tamén repartindo o fomento nas distintas tarefas.

c) Adquirir habilidades para a resolución pacífica de conflitos e a prevención da violencia, que lles permitan desenvolverse con autonomía no ámbito escolar e familiar, así como nos grupos sociais con que se relacionan.

- Reforzar a aprendizaxe de procedementos para ensaiar posibles escenarios da vida ordinaria en canto á resolución pacífica dos conflitos . Utilizando a figura do mediador e da mediadora como un rol fundamental no centro.

d) Coñecer, comprender e respectar as diferentes culturas e as diferenzas entre as persoas, a igualdade de dereitos e oportunidades de homes e mulleres e a non discriminación de persoas por motivos de etnia, orientación ou identidade sexual, relixión ou crenzas, discapacidade ou outras condicións.

-Descubrir e investigar sobre diferentes culturas para respectar as diferenzas e realizar xornadas específicas de sensibilidade.

e) Coñecer e utilizar de maneira apropiada a lingua galega e a lingua castelá e desenvolver hábitos de lectura.

- Proponer actividades dinamizadoras do uso das linguas e descubrimento da súa literatura.

f) Adquirir, polo menos, nunha lingua estranxeira a competencia comunicativa básica que lles permita expresar e comprender mensaxes sinxelas e desenvolverse en situacións cotiás.

-Proponer escenarios de aprendizaxe para desenvolver a competencia comunicativa en situacións da vida real. Materias como Educación Física e Educación artística desenvólvense na lingua estranxeira e dende o equipo plurilingüe fomentanse diversidade de actividades culturais en lingua inglesa.



g) Desenvolver as competencias matemáticas básicas e iniciarse na resolución de problemas que requiran a realización de operacións elementais de cálculo, coñecementos xeométricos e estimacións, así como ser capaces de aplicarlos ás situacións da súa vida cotiá.

-Propoñer escenarios de aprendizaxe para poder aplicar coñecementos matemáticos básicos na vida ordinaria. A metodoloxía STEAM forma parte das directrices metodolóxicas do centro.

h) Coñecer os aspectos fundamentais das ciencias da natureza, as ciencias sociais, a xeografía, a historia e a cultura.

-Coñecer e valorar o contexto natural, xeográfico e social para situarse no espazo e valorar os logros obtidos no campo das ciencias e os cambios sociais. e históricos. Utilizar o contexto próximo para a realización de proxectos STEAM e uso da horta escolar.

i) Desenvolver as competencias tecnolóxicas básicas e iniciarse na súa utilización para a aprendizaxe, utilizando un espírito crítico ante o seu funcionamento e as mensaxes que reciben e elaboran.

-Desenvolver competencias tecnolóxicas e diferenciar con espírito críticos as información recibidas a través das Tic. Uso dos materiais de Polos Creativos, da aula de informática cunha hora semanal de formación do uso de ordenadores por curso, radio escolar e megafonía.

j) Utilizar diferentes representacións e expresións artísticas e iniciarse na construción de propostas visuais e audiovisuais.

-Fomentar a capacidade de creación coas diferentes artes plásticas e diferentes materiais desenvolvendo a creatividade. Propostas creativas e de traballo cooperativo como a decoración de portas e corredores nas distintas conmemoracións.

k) Valorar a hixiene e a saúde, aceptar o propio corpo e o das outras persoas, respectar as diferenzas e utilizar a educación física, o deporte e a alimentación como medios para favorecer o desenvolvemento persoal e social.

-Potenciar a educación para a saúde a través da alimentación saudable, o exercizo e a hixiene. Realización da milla diaria nuns 10 minutos establecidos dentro do horario lectivo do centro e propostas para os recreos activos como o material de préstamo regulado polo alumnado de sexto.

l) Coñecer e valorar os animais máis próximos ao ser humano e adoptar modos de comportamento que favorezan a empatía e o seu coidado

-Valorar o coidado dos animais en especial as mascotas para saber o coidado necesario para o seu benestar. Xornadas de sensibilización e visitas ao centro de protectoras de animais.

m) Desenvolver as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións cos demais, así como unha actitude contraria á violencia, aos prexuizos de calquera tipo e aos estereotipos sexistas.



-Darlle resposta a pregunta de quen somos e aprender que hai persoas diferentes coas que teño que manter actitude de respecto e tolerancia. Uso da persoa mediadora, apoio do profesional de orientación e actividades de cohesión grupal nas titorías, nos proxectos e nas "casas" ou grupos matriz multinivel para os proxectos.

n) Desenvolver hábitos cotiáns de mobilidade activa autónoma saudable, fomentando a educación viaria e actitudes de respecto que incidan na prevención dos accidentes de tráfico.

-Colaborar en proxectos que fomenten a seguridade viaria . Visitas e xornadas específicas do desenvolvemento da educación viaria. Realización da milla diaria pola contorna da escola e roteiros nas cidades da comarca do Morrazo.

ñ) Coñecer, apreciar e valorar as singularidades culturais, lingüísticas, físicas e sociais de Galicia, poñendo de relevancia as mulleres e os homes que realizaron achegas importantes á cultura e á sociedade galegas.

-Manter unha actitude aberta cara outras culturas poñendo en valor a propia. Visitas as distintas cidades do Morrazo e estudio das singularidades de cada unha.

O centro establece unha serie de obxectivos de ámbito curricular e innovación:

- Formar persoas competentes capaces de resolver situacións cotiás en contextos diversos e comprometidos coas responsabilidades colectivas.
 - Queremos ser unha escola que desenvolva as capacidades que favorezan a adquisición das competencias clave no alumnado, valorando a importancia non só de saber, senón de saber facer e saber ser, mobilizando recursos internos xunto cos recursos externos para que se produzan aprendizaxes significativas, posibilitando ferramentas para todos aqueles procesos ou situacións que se teñan que desenvolver na escola.
- Mellorar expresamente a competencia lectora e o desenvolvemento do hábito lector no alumnado, fomentando o manexo de diferentes códigos expresivos (lingüísticos, de imaxe, xestuais, etc.) buscando mellorar a súa capacidade comunicativa.
 - Unha escola que dote de forma progresiva ao alumnado da capacidade de emitir mensaxes cargadas de valoracións e de matices, con posibilidade de influír a través do que se di e se escribe e, ao mesmo tempo, produza sentimentos de seguridade e progreso.
- Fomentar a adquisición do grao de autonomía suficiente que lles permita aos alumnos desenvolverse na súa vida cotiá tomando decisións correctas, mediante un sistema adecuado de titorías que permita a atención á diversidade.
 - Pretendemos posibilitar no noso alumnado o desenvolvemento das competencias clave necesarias para identificar e xestionar os diferentes recursos da contorna e construír novas aprendizaxes para afrontar con éxito distintas situacións (persoais, sociais, académicas, de ocio...) dentro e fóra da escola a través dunha acción tutorial orientadora do seu proceso individual e colectivo.
- Crear no Centro un clima acolledor, equilibrado e confortable no que se fomenten as relacións interpersoais positivas e a convivencia harmónica entre todos os membros da comunidade educativa.

- Cremos nunha escola como espazo educativo de convivencia, socializadora e integradora, que traballe na adquisición de estratexias para a prevención e para a resolución pacífica de conflitos e potencie o traballo en equipo.
- Incorporar as TIC ao proceso de ensinanza-aprendizaxe como medios e ferramentas de aprendizaxe e investigación, así como para a xestión do Centro e a súa relación co conxunto da comunidade educativa.
 - Unha escola que favoreza a utilización das TIC e as redes de telecomunicación como instrumento para a aprendizaxe, posibilitando a competencia dixital no alumnado e integrando na práctica docente as súas potencialidades metodolóxicas e didácticas.
- Acomodar as nosas estratexias de ensinanza ás necesidades das nosas alumnas e alumnos, poñendo especial énfase naqueles que teñan necesidades educativas específicas, en función do que permitan os recursos do Centro.
 - Unha escola cun enfoque pedagóxico que impulse a coordinación entre o profesorado e a promoción de sistemas de organización do apoio e reforzo ao alumnado para atender á diversidade en función das distintas características persoais ou socioculturais de cada nena e neno.
- Asumir a función educadora e non quedarse unicamente na función docente.
 - Defendemos unha escola comprometida cos modelos dunha formación integral das nenas e nenos, creadores da escola comprensiva, superando os esquemas da escola selectiva tradicional, centrándonos na calidade do itinerario e non unicamente nos resultados.
- Fomentar a convivencia das tres linguas (galego, castelán e inglés) fortalecendo o proceso de galeguización do Centro e adoptando medidas de apoio e reforzo á lingua inglesa para un correcto uso lingüístico educativo.
 - Apostamos por integrar a ensinanza bilingüe como un elemento de riqueza non só lingüística senón tamén humana, favorecedora do desenvolvemento de actitudes como o respecto e a tolerancia cara a outras culturas, así como a creación dunha identidade múltiple e plurilingüe.

O centro establece unha serie de obxectivos de ámbito de participación e da integración:

- Manter ao Centro como unha institución aberta e en continua interacción coa súa contorna, potenciando, difundindo e desenvolvendo actividades colectivas de extensión cultural que fomentan a cooperación entre os membros da Comunidade Educativa.
 - Unha escola que identifique, xestione e aproveite os diferentes recursos que ten ao seu dispor cunha dobre intención: integrar aos nenos e nenas na súa contorna socio-cultural, pero tamén establecer referencias que favorezan o coñecemento dunha realidade máis ampla, sabendo, ademais, usar e aplicar eses coñecementos en situacións e contextos reais.
- Potenciar os mecanismos e os procesos de participación activa e democrática de todos os membros da comunidade educativa para ofrecer unha educación de calidade e garantir a igualdade de oportunidades a todo o alumnado.
 - Queremos unha escola que todos sintamos como nosa, que fomente a participación e a implicación de todos na vida escolar e que cree un ambiente de cooperación entre os membros da comunidade escolar favorecedor dunha liña de traballo continua e coordinada.
- Implementar as relacións sistemáticas de colaboración e coordinación co CRA de Vilaboa, co CPI do Toural e con outras institucións da zona.



- Establecendo mecanismos precisos para lograr unha coordinación entre a etapa de Ed. Primaria e as de Ed. Infantil e a Ed. Secundaria Obrigatoria, porque son o berce e o destino do noso alumnado.
- Manter a participación das familias na vida do Centro incrementando a calidade e fluidez da mesma, incluíndo a elaboración de programas de asesoramento que as orienten na realización de accións que favorezan a formación integral dos seus fillos e fillas.
 - Unha escola que, a través da mutua relación interactiva coas familias, posibilite a unificación das normas e pautas de actuación nos ámbitos familiar e escolar.
- Promover a eliminación da discriminación de xénero no CEP de Riomaioir e a formación das nenas e nenos nos valores que lles permitan desenvolver en sociedade as súas capacidades, sen limitacións en función do sexo.
 - Unha escola pensada como espazo de igualdade, que permita a construción da personalidade libre de estereotipos e roles de xénero.

O centro establece unha serie de obxectivos de ámbito da organización e da administración:

- Flexibilizar e reestruturar o Proxecto Curricular a partir das novas propostas curriculares da Administración Educativa, para que siga sendo unha ferramenta colectiva da nosa intervención educativa.
 - Cremos necesario adaptar o currículo e a acción educativa ás circunstancias específicas do noso Centro, tomando como referencia a información que nos proporciona a avaliación de diagnóstico e de caso ou as avaliacións finais.
- Dinamizar a vida do Centro, a partir do traballo en equipo e a coordinación entre os profesionais do equipo docente do Centro.
 - Fomentando o traballo dos equipos docentes, facilitando a coordinación e o intercambio de estratexias metodolóxicas e favorecendo o perfeccionamento, tanto interno como externo, do profesorado.
- Promover proxectos de formación e innovación e cantas actividades se consideren adecuadas para a permanente actualización científica, pedagóxica e profesional do profesorado.
 - Un profesorado reflexivo e comprometido cos propósitos do CEP de Riomaioir, que se forme e actualice, tanto persoal como grupalmente, investigando na acción e abrindo perspectivas novas encamiñadas á mellora da calidade do ensino.
- Manter integrado ao Centro no Plan de Mellora das Bibliotecas Escolares, co obxecto de potenciar o uso da Biblioteca como centro de recursos da información, da lectura e da aprendizaxe, dinamizadora da actividade educativa e da vida cultural do Centro.
 - Pretendemos que a nosa Biblioteca se converta en lugar de encontro e de convivencia, espazo de aprendizaxe e de contacto gozoso coa cultura escrita; de integración dos distintos soportes e formatos que albergana información e os contidos culturais, de oportunidade para soñar e imaxinar; de apoio para a adquisición de competencias clave e construción de coñecementos de calquera tipo.

O centro establece unha serie de obxectivos de ámbito dos recursos:

- Xestionar de forma eficaz todos os recursos dispoñibles, humanos, materiais e económicos, facilitando os procedementos administrativos mediante unha organización rigorosa e eficaz dos medios.



- Consideramos os recursos como un dos elementos de calidade do ensino, deseñando a ordenación e utilización racional deles en función dos obxectivos xerais sinalados e das posibilidades reais da nosa escola a través do Proxecto de Xestión e que se concretan no Plan Xeral Anual para cada curso escolar.
- Crear e utilizar instrumentos eficaces para a difusión da comunicación externa e interna das actividades que se desenvolven no Centro.
 - Utilizando procedementos formais en documentos escritos ou a través de plataformas dixitais, formulados en lingua galega e co logotipo do Centro.
- Optimizar a oferta de actividades Complementarias e Extraescolares, organizadas pola ANPA en colaboración co Claustro de Profesores.
 - Unha escola comprometida, tanto a título individual como a través da Asociación de Nais/Pais, na selección, organización, desenvolvemento e avaliación das actividades complementarias e extraescolares.
- Manter actualizada de forma permanente a dotación material e instalacións do Centro para facilitar unha formación baseada nas tecnoloxías máis innovadoras.
 - Unha escola que dinamice os distintos sectores da comunidade educativa fomentando canles de comunicación e colaboración e instando á administración educativa, municipal e/ou ANPA á realización das accións de mellora oportunas.

O centro establece unha serie de obxectivos de ámbito dos servizos:

- Comprometer a todas as persoas da comunidade educativa no coidado e mantemento das instalacións e os recursos materiais da escola nas condicións adecuadas para uso e goce de todos.
 - Unha escola comprometida co coidado dos recursos, instalacións e entorna natural, facendo do Centro un espazo educativo agradable, vivo e enriquecedor.
- Xestionar as actuacións relativas á organización e funcionamento das prestacións de carácter complementario (Transporte e Comedor Escolar) que ofrece o Centro.
 - Estamos comprometidos co mantemento duns servizos complementarios que, ademais de cumpriren as súas funcións básicas, contribúan á acción educativa do Centro.

2. A CONTRIBUCIÓN Á ADQUISICIÓN DAS COMPETENCIAS CLAVE

Este centro educativo pon especial énfase en garantir a inclusión educativa, a atención personalizada ao alumnado e ás súas necesidades de aprendizaxe, a participación e a convivencia, a prevención de dificultades de aprendizaxe e a posta en práctica de mecanismos de reforzo e flexibilización, alternativas metodolóxicas ou outras medidas adecuadas tan axiña como se detecte calquera destas situacións.

Tal como recolle o Decreto de currículo, a nosa intervención educativa busca desenvolver e asentar progresivamente as bases que lle faciliten ao alumnado unha adecuada adquisición das competencias clave, tendo sempre en conta o seu proceso madurativo individual, así como os niveis de desempeño esperados para cada nivel de Primaria. Polo tanto a nosa metodoloxía didáctica é fundamentalmente comunicativa, inclusiva, activa e participativa, e dirixida ao logro dos obxectivos e das competencias clave.



Neste sentido, prestamos especial atención ao desenvolvemento de metodoloxías que nos permitan integrar os elementos do currículo mediante o desenvolvemento de tarefas e actividades relacionadas coa resolución de problemas en contextos da vida real. Tratamos de integrar as distintas experiencias e aprendizaxes do alumnado, os seus diferentes ritmos e preferencias de aprendizaxe, favorecendo a capacidade de aprender por si mesmo, fomentamos o traballo colaborativo e en equipo e potenciando a aprendizaxe significativa promovendo a autonomía e a reflexión. Para estes efectos, o centro establece a metodoloxía por proxectos multinivel co tema dinamizador "Xirarei polo Morrasso", vinculado o contexto cultural e real, así como aos intereses do alumnado.

Co obxecto de fomentar a integración das competencias clave, o noso centro dedica un tempo do horario lectivo, catro sesión semanais, mércores e xoves nos termos recollidos nesta concreción curricular, á realización de proxectos significativos para o alumnado e á resolución colaborativa de problemas, reforzando a autoestima, a autonomía, a reflexión e a responsabilidade. Así mesmo, para favorecer unha adquisición eficaz das competencias clave, deseñaremos actividades de aprendizaxe que permiten ao alumnado avanzar en máis dunha competencia ao mesmo tempo.

As competencias clave son as seguintes:

a) Competencia en comunicación lingüística (CCL).

Esta traballanse fundamentalmente nas áreas de Lingua Galega , Lengua Castellana e Inglés aínda que tamén farán aportacións na materia de Ciencias Sociais e Naturais igualmente Matemáticas xa que a comprensión oral e escrita están presentes en todas as materias. O método TIL establecido entre as metodoloxías do centro favorecerá o desenvolvemento desta competencia. Os proxectos multinivel están relacionados co libro "Os megatoxos" de Anxo Fariña, e este será un precursor do traballo no ámbito desta competencia.

b) Competencia plurilingüe (CP).

Traballaranse fundamentalmente nas materias de Lingua Castelá, Galega e Inglés. O centro defínese como plurilingüe polo que as materias de Educación Plástica e Audiovisual e Educación Física impártese en inglés e polo tanto, reforzará o desenvolvemento desta competencia. O uso das novas tecnoloxías traen consigo vocabulario específico plurilingüe e a realidade do alumnado amosa claras referencias ao inglés. Dende o centro fomentárase especialmente o uso do galego e do inglés como lingua principal fora da impartición das materias, xa que polo xeral, o noso alumnado é castelanfalante.

c) Competencia matemática e competencia en ciencia, tecnoloxía e enxeñaría (STEM).

Levarase a cabo materias como Art, Matemáticas, Ciencias Naturais e Sociais. Serán fundamentais os proxectos que se desenvolverán nas titorías por nivel, como os proxectos multinivel do Proxecto Educativo. A maioría das actividades complementarias estarán dirixidas ao traballo dende a metodoloxía STEM.

d) Competencia dixital (CD).

Estará presente en todas as materias xa que consideramos que nestes tempos é preciso adquirila en todos os ámbitos. Os material de Polos Creativos cos que conta a escola, a aula de informática

e os dispositivos electrónicos portátiles como tabletas aportarán o necesario para o desenvolvemento desta competencia. Así como a imposición dentro do horario lectivo do centro, dunha hora semanal por curso dirixida ao traballo específico coas tecnoloxías informáticas.

e) Competencia persoal, social e de aprender a aprender (CPSAA).

Consideramos fundamental que todo o alumnado adquira estas ferramentas que serán potenciadas dende todas as materias. Os proxectos son multinivel, con alumnado de toda a etapa educativa repartido homoxéneamente e creando grupos diversos e con distintos niveis que favorecerán principalmente o traballo desta competencia. Deberán establecer roles de responsabilidade, acadar instrucións, respetar as quendas e aproveitar as capacidades individuais, vendo as posibilidades de cada persoa en vez de centrarse nas dificultades.

f) Competencia cidadá (CC).

Desenvolverase nas materias de Proxecto Competencial, Relixión, en Valores Sociais e Cívicos (sexto) e en Ciencias Sociais . A figura de mediadores e delegados formará parte das actividades a levar a cabo durante o curso para o fomento desta competencia.

g) Competencia emprendedora (CE).

Nas áreas de Art, Ciencias Sociais , Matemáticas, fomentarán actividades que estimulen esta competencia no noso alumnado. Así mesmo, estimularanse as propostas do alumnado como actividades dirixidas e controladas por eles e elas, como para o préstamo de material no recreo, o espazo contacontos na biblioteca e o uso da radio escolar cos distintos programas. A biblioteca escolar conta cun buzón de "Buli", a mascota, que recibe as suxerencias do alumnado, xunto coas propostas dos representantes de cada nivel, nas reunións de delegados.

h) Competencia en conciencia e expresión culturais (CCEC).

Fundamentalmente en Música, Art e Sociais. A cultura anglosaxona formará parte do contexto do centro a través do proxecto plurilingüe que tratará de reforzala. Así mesmo, a cultura do entorno do alumnado, en concreto da península do Morrazo, coas súas principais cidades (Vilaboa, Cangas, Bueu, Moaña e Marín) será estudada a través dos proxectos multinivel.

A biblioteca encárgase de traballar como eixo dinamizador e en colaboración co resto dos equipos do centro: EDL, EAE, E.tics, e Departamento de orientación, recollendo suxerindo, canalizando actividades e proxectos e facendo que todas e cada unha delas a través dos proxectos sexan levadas a cabo.

No curso 2023-24 o tema escollido polo centro foi "Xirando polo Morrazo" e estamos involucrados en catro plans proxecta +(Nutriescolas, Paisaxe e Sostenibilidade, Mobilidade Sostible, PVDA) e nos Contratos Programa de CP INNOVA e CPINCLÜE, desenvolvemento das competencias das linguas, desenvolvemento das competencias matemáticas, desenvolvemento das ciencia e actividades STEAM, e excelencia e nas liñas de formación do profesorado de Plan Dixital e Traballo Til a través dos Polos Creativos.



Resaltamos que se traballan todas as competencias en tódalas materias e actividades do centro e complementarias. Sendo a principal referencia para o desenvolvemento educativo do alumnado.

Neste curso co fin de reforzar todas as competencias organizamos obradoiros multidisciplinares, a través de proxectos, en catro sesións semanais para poder facer un traballo máis competencial empregando gamificación e grupos multinivel de 1º a 6º.

3. OS CRITERIOS PARA DESENVOLVER OS PRINCIPIOS PEDAGÓXICOS E INCORPORAR OS ELEMENTOS TRANSVERSAIS

Dende a nosa concepción integral e preventiva da educación, fronte á simple ensinanza, no CEP de Riomaior estamos comprometidos cunha educación baseada nos principios, actitudes e valores básicos dunha sociedade democrática onde, nun ámbito de interculturalidade, a solidariedade, a xustiza, a tolerancia, o esforzo e a responsabilidade no traballo, o respecto aos demais e ás súas opinións, impregnen toda a actividade do Centro. Todo elo reflexado no Plan de convivencia.

Neste senso, esta educación en valores ten un carácter transversal e o seu desenvolvemento no noso alumnado posibilitase a través dun tratamento interdisciplinar de elementos transversais ligados a tres núcleos de interese: saúde, medio ambiente e sociedade e á utilización neste proceso dunha pedagogía máis aberta ao medio e aos seus problemas, á aprendizaxe activa ou á participación efectiva de toda a comunidade educativa.

A Lei Orgánica 3/2020, de 29 de decembro, de Educación (LOMLOE), establece os principios e fins do noso sistema educativo; estes principios, que nós resumimos en catro fundamentais, son asumidos polo Centro e constitúen a base na que se asenta este Proxecto Educativo:

- Proporcionar unha educación de calidade para que todo o noso alumnado alcance o máximo desenvolvemento persoal, intelectual, social e emocional, independentemente da súa condición e circunstancias.
- Equidade que garanta a igualdade de oportunidades para todos, cunha orientación inclusiva e non discriminatoria.
- Compromiso e esforzo compartido por todos os que conformamos a comunidade educativa de CEP do Riomaior.
- Autonomía para establecer e adecuar as actuacións organizativas e curriculares no marco das competencias e responsabilidades do Centro.

O artigo 17 do Decreto 155/2022 menciona que na etapa de educación primaria traballarase en todas as áreas, como mínimo, aqueles contidos de carácter transversal como:

- A comprensión da lectura, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, a competencia dixital, o fomento da creatividade, do espírito científico e do emprendemento.
- A igualdade entre mulleres e homes, a educación para a paz, a educación para o consumo responsable e o desenvolvemento sustentable e a educación para a saúde, incluída a afectivo-sexual.
- A orientación educativa, á acción tutorial e á educación emocional e en valores.



Do mesmo xeito, no centro promoverá a aprendizaxe da prevención e resolución pacífica de conflitos en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social, así como dos valores que sustentan a liberdade, a xustiza, a igualdade, o pluralismo político, a paz, a democracia, o respecto polos dereitos humanos e o rexeitamento de calquera tipo de violencia, a pluralidade e o respecto polo Estado de dereito.

Por suposto, en Riomaior evítanse os comportamentos, estereotipos e contidos sexistas, así como aqueles que supoñan discriminación por razón da orientación sexual ou da identidade de xénero. Empregarase unha linguaxe libre de prexuízos e estereotipos sexistas e que sexa non sexista, nos termos establecidos legalmente.

O noso alumnado participará en todas aquelas actividades propostas pola consellería con competencias para que o alumnado participe en actividades que lle permitan afianzar o espírito emprendedor e a iniciativa empresarial a partir de aptitudes como a creatividade, a autonomía, a iniciativa, o traballo en equipo, a confianza nun mesmo e o sentido crítico. Como a participación do grupo de sexto no concurso anual de Atrévete a ter unha Idea.

Ademais traballaremos todas as conmemoracións referidas no calendario escolar.

O traballo cos elementos transversais está totalmente integrado nos proxectos e traballo de aula e tense sempre en conta á hora de elaborar as programacións de aula. Cremos que o proxecto anual que desenvolve o noso centro, “Xirarei polo Morrasso”, favorece e apoia o traballo de todos os elementos transversais.

Igualmente, o equipo de biblioteca propón lecturas e actividades específicas para afondar no traballo cos ditos elementos.

4. OS CRITERIOS DE CARÁCTER XERAL SOBRE A METODOLOXÍA

Na etapa de Educación Primaria porase especial interese na atención á diversidade do alumnado, na atención individualizada, na prevención das dificultades de aprendizaxe e na posta en práctica de mecanismos de reforzo tan pronto como se detecten estas dificultades que poderán ser tanto organizativos como curriculares

A metodoloxía didáctica será fundamentalmente comunicativa, inclusiva, activa e participativa, e dirixida ao logro dos obxectivos e das competencias clave. Trataremos de desenrolar metodoloxías que permitan integrar os elementos do currículo mediante o desenrolo de tarefas e actividades relacionadas coa resolución de problemas en contextos da vida real. Tendo sempre en conta os diferentes ritmos e estilos de aprendizaxe, favorecendo a capacidade de aprender por un mesmo e promovendo o carácter colaborativo e en equipo.

A lectura de todo tipo de textos e imaxes, en calquera soporte ou formato e a súa comprensión, terá un papel fundamental na nosa metodoloxía. A biblioteca será o centro de dinamización, marcando un itinerario lector, dando as ferramentas e materiais adecuados e fomentando actividades que nos conduzan a lograr este obxectivo.

Deseñaranse actividades de aprendizaxe integradas que lle permitan ao alumnado avanzar cara ós resultados de aprendizaxe de máis dunha competencia ao mesmo tempo.



Os contidos das áreas de Ciencias da natureza e sociais estarán interrelacionados coas doutras áreas, se potenciará un enfoque globalizado e interdisciplinario que teña en conta a transversalidade da aprendizaxe baseada en competencias.

Tratarase de establecer uns tempos no horario e unhas medios de traballo para a colaboración entre os docentes para o deseño curricular e a transmisión de información sobre a aprendizaxe dos alumnos e das alumnas, así como cambios nas prácticas de traballo e nos métodos de ensinanza. Para acadar este obxectivo cada titor deseñará os proxectos incluíndo os contidos a traballar en cada nivel, que será complementado polos especialistas, inglés, música, plástica, relixión e educación física. Adicaráse unha atención especial ao tratamento integrado das linguas. É necesaria unha axeitada coordinación entre o persoal docente sobre as estratexias metodolóxicas e didácticas que se utilicen. Os equipos educativos formularán, con criterios consensuados, unha reflexión común e compartida sobre a eficacia das diferentes propostas metodolóxicas.

Este prantexamento nos dirixe cara unha nova metodoloxía que implica variados métodos de avaliación. Aplicaranse diferentes técnicas para a avaliación como considerando especialmente a integración das tecnoloxías da información e da comunicación no proceso de ensino-aprendizaxe.

A motivación por aprender nos alumnos e nas alumnas e un pilar fundamental no proceso de aprendizaxe, polo que o profesorado fomentará a curiosidade e a necesidade de adquirir e aplicar coñecementos, destrezas, actitudes e valores.

O profesorado involucrarase na elaboración e no deseño de diferentes tipos de materiais, adaptados aos distintos niveis e aos diferentes estilos e ritmos de aprendizaxe dos alumnos e das alumnas, co obxecto de atender a diversidade na aula e personalizar os procesos de construción das aprendizaxes.

Potenciarase o uso dunha variedade de materiais e recursos, considerando especialmente a integración das tecnoloxías da información e da comunicación no proceso de ensino-aprendizaxe que permiten o acceso a recursos virtuais.

Levaranse a cabo actividades STEAM e TIL.

Tentaremos de implicar as familias no proceso de ensino-aprendizaxe xa que é un factor determinante que tentaremos potenciar activamente. A súa colaboración redundará positivamente no rendemento e nos resultados académicos do alumnado.

O CEP Plurilingüe de Riomaioir conta con múltiples espazos de traballo ben dotados e un entorno natural moi rico polo que trataremos de aproveitar estas oportunidades como ferramentas do noso obxectivo principal que é formar e mellorar a competencia lingüística do noso alumnado e especialmente en lingua estranxeira.

Traballaremos integrando competencia e contidos no máximo nivel posible que nos sexa permitido dada a diferenza de nivel entre as diferentes linguas e tratando sempre de non interferir na adquisición da lecto-escritura na lingua materna, fundamental neste nivel.

CONCRECIÓNS METODOLÓXICAS



- Buscar un enfoque orientado á acción, creando situacións continuas de comunicación con e entre o grupo: TPR, seguir instrucións, preguntar e responder para dar/obter información en interaccións cotiás habituais, desenvolver xogos....

-Partir sempre das aprendizaxes previas do grupo de alumnado co que traballamos e previamente ou paralelamente adquiridas nas linguas maternas...

-Realizar proxectos significativos adaptados ao nivel educativo tratando de integralos nas unidades traballadas co titor.

-Igualmente realizaremos proxectos con grupos de alumnos multinivel(de 1º a 6º) usando a aprendizaxe cooperativa que, contribuirán ao desenvolvemento das competencias durante 2 sesións do mércores e 2 do xoves. Nelas, levarán a cabo experiencias de achegamento á vida cotiá, a través de experimentos, modelaxe, compras no supermercado, cociña, costura e demais espazos dos Polos..

- Utilizar a gamificación como elemento motivador para o alumnado promovendo a participación intentando acadar puntos por alimentación saudable, actividade, lectura, o uso oral do galego ou inglés e convivencia en xeral, que serán acreditados través dun pasaporte. Estes puntos non serán avaliados, si o traballo nos talleres semanais..

- Diseñar actividades de aprendizaxe de acceso universal (DUA) para atender mellor á diversidade do alumnado o que axudará a darlle unha atención individualizada.

- Poner énfase na prevención das dificultades de aprendizaxe e na posta en práctica de mecanismos de reforzo e apoio tan pronto se detecten.

- Buscar a identificación persoa-lingua, o que implica axudar ao alumnado a asociar de xeito automático a mestra/e coa lingua que ensina .

-Impulsar situacións de interacción, de comunicación oral entre o alumnado de todos os niveis: en parellas, pequenos grupos ou grupo /aula, en situacións reais ou supostas actividades de pregunta - resposta; dramatizacións de diálogos en situacións reais ou imaxinarias; etc.). Xogos de ROLE PLAY e adiviñas.

5. OS CRITERIOS DE CARÁCTER XERAL SOBRE OS MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS

Os materiais e os recursos didácticos defínense como todos aqueles instrumentos e medios que nos proporcionan ao profesorado pautas e criterios para a toma de decisións, tanto na planificación como na intervención directa no proceso de ensinanza-aprendizaxe e na súa avaliación.

Neste senso, todo o material curricular que utilizamos será coherente cun modelo didáctico que teña en conta as necesidades que se derivan da aprendizaxe dos diferentes tipos de contidos que coincidan coas nosas intencións educativas, así como as características, as formas de traballo e as características diferenciais da nosa contorna escolar.



Desde esta consideración xeral, optamos, de maneira decidida, por materiais curriculares de calidade e variados, con pretensións integradoras, concibidos como un medio entre outros e que deposite no profesorado a responsabilidade do seu uso creativo. Así, o libro de texto non será o principal recurso didáctico, senón que potenciaremos o uso dunha variedade de materiais e recursos nos que a integración das bibliotecas (de Centro, de aula, municipal, ...) e das Tecnoloxías da Información e da Comunicación (TIC) sexan consideradas especialmente como variables metodolóxicas.

Na súa selección teremos en conta, ademais, os seguintes criterios que nos serven de guía:

- Utilización:
 - Colectivos, que axuden a desenvolver novas formas sociais de traballo, a aceptar, respectar e compartir.
 - Individuais, que estimulen o razoamento lóxico, a autonomía persoal e axuden á nena ou neno á súa organización individual.
- Calidades:
 - Funxible, é dicir material de uso cotiá (papel, lapis, goma, pinturas, dicionarios, libros de texto que permitan os cambios nas actividades que propoñen e nos seus enfoques, de consulta, ...).
 - Non funxible: Material complementario do traballo diario do alumnado (soporte informático, webs educativas, blogs, de atención ás necesidades específicas de apoio educativo, medioambientais, multimedia, biblioteca de aula, científicos, ...).
- Persoal:
 - Reforzo e apoio de profesorado dentro da aula, así como do profesorado especialista en PT e Orientación.
 - Comunidade educativa: familias e demais persoal do centro.
 - Comunidade social da contorna: profesionais no entorno do Morrazo.

Nas aulas crearanse recantos con materiais específicos, manipulativos e multinivel para poder atender á diversidade e ofertar ao alumnado material motivador e real.

Contamos con aulas propias para as titorías, así como para as especialidades o que favorece a utilización de diversos recursos e materiais. As aulas son amplas e está organizadas por recantos. Nestes recantos ofértanse múltiples materiais e recursos a disposición do alumnado en calquera momento, ou para a procura de recursos (vocabulario, modelos; auto instrucións...) para a desenvolvemento das tarefas como diferentes útiles para a produción como rotuladores pincel, troqueis cartolinas e papeis de cores, regras de debuxo, tarxetas, sobres brancos e de cores...)

Algúns dos recunchos creados son:

- Biblioteca de aula . con libros colocados por diferentes niveis de dificultade así como fichas de traballo sobre os mesmos con diferentes niveis tamén.
- Recuncho de viaxes : con realia (billetes de avión, planos de cidades, postais, revistas antigas de viaxes e unha tarxeta con propostas de actividades de diferente nivel.
- Recuncho de conversa: Ofrécense diferentes sobres con diversos temas e unha guía de conversa de actividades sinxelas como listas ou ingredientes ata propostas de comparación.



- Recuncho dixital: con tablets para a pescuda de información, creación de documentos ou xogos.
- Recuncho de escritura: hai múltiples actividades de diferente tipoloxía textual(descrições, recitas listas de compras, creación de xogos e instrucións)con modelos, materiais e autoinstrucións.
- Recuncho do vocabulario: pictionarios, dicionarios , tarxetas e unha ficha con diferentes propostas de actividades.
- Recuncho dos xogos
- Recuncho das ciencias: con libros de ciencias en inglés e propostas de actividades. Nestes recunchos hai moitos outros materiais como: Fichas elaboradas polo/a mestre/a, fichas sacadas de libros de texto ou doutros libros, fichas sacadas de diversos materiais didácticos e fichas de reforzo e de ampliación de cada unidade.

A aula virtual será considerada como un recurso para apoiar e reforzar as actividades desenvolvidas na aula.

As aulas contan cun ordenador e pantalla así como con un sistema de audio envolvente. Os obxectivos con estes materiais son os seguintes:

- Empregar tecnoloxías dixitais: proxección de vídeos, xogos interactivos online, videoclips de cancións e tamén o uso da radio escolar para emitir e gravar cuñas publicitarias e mensaxes.
- Utilizar fragmentos audiovisuais moi curtos de documentais, anuncios publicitarios, curtas en vídeo, ... adecuados a este nivel, para a práctica da comprensión oral.
- Dotar aos nenos e nenas dunha ferramenta máis para a comunicación: a lingua estranxeira.
- Aproveitar todas as situacións e espazos que o ámbito escolar ofrece para introducir a lingua estranxeira enriquecendo a competencia lingüística e creando situacións relacionadas coa realidade na que este vive, para que teña sentido e significado pleno a lingua que use e, ao mesmo tempo, ofrecerlle a posibilidade de achegarse a outras realidades grazas a ela, a través do mundo dixital. Aproveitar as materias plurilingües: art e PE para poñer en funcionamento o adquirido.
- Utilizar materiais visuais e variados, coma libros ilustrados, revistas, periódicos, tarxetas con imaxes do vocabulario das unidades didácticas, páxinas web, presentacións dixitais e vídeos curtos para a adquisición de estratexias de autoaprendizaxe entre as que están a utilización de técnicas coma impulsar repasos frecuentes entre os nenos e nenas, os xogos lingüísticos, a escoita de cancións e o visionado de películas e vídeos nesa lingua.
- Priorizar a linguaxe corporal, os xestos, a mímica e soportes visuais fronte a tradución ,para facerse entender o mestre/a cos nenos e nenas, co que eles e elas estarán practicando e adquirindo estas mesmas estratexias.
- Manter os acordos e estratexias establecidas noso PEC para traballar as linguas de xeito integrado colaborando na adquisición da competencia comunicativa e plurilingüe

En relación aos libros de texto e material didáctico impreso para o curso 2023/2024 traballarase sen libros de texto de 1º a 6º a excepción de ciencias sociais e naturais de 3º,4º,5º e 6º

6. OS CRITERIOS DE OFERTA EDUCATIVA, ITINERARIOS E OPTATIVIDADE, DE SER O CASO

Non ten lugar na nosa escola

7. OS CRITERIOS PARA O DESEÑO DAS ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS

A principio de curso decídese no claustro cales van ser as actividades complementarias, do mesmo xeito tamén se fala nas reunións de ciclo.

As que se organizan dentro do centro as coordinan os encargados dos equipos dinamizadores

As saídas se propoñen nos equipos de ciclo en función dos proxectos que se traballen e irán en consonancia coas materias.

OBXECTIVOS:

Participar nas actividades grupais no colexio, adoptando unha actitude de tolerancia e respecto cara aos valores sociais.

Coñecer e identificar os elementos da contorna natural e social e os factores que inflúen neles.

Favorecer o estudo de temas de actualidade que inciden na vida diaria do noso alumnado.

Valorar a actividade física no tempo de lecer como un medio de divertimento, de coñecemento e de mellora das capacidades orgánico-funcionais, favorecendo a autoconfianza.

Afondar nos contidos traballados dentro do centro

RESPONSABLES:

O Equipo de Actividades Complementarias e Extraescolares coa colaboración, no desenvolvemento dalgunhas, do EDLG e do da Biblioteca e as propostas polo equipo plurilingüe.(Easter, Thanksgiving Halloween..). Tamén a ANPA, os Concellos de Vilaboa e Pontevedra colaboran nalgunhas e promoven outras.

Estas actividades serán avaliadas nos tempos de reunión de cada equipo que valorará o resultado das actividades e os de ciclo as saídas

- As ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS que pretendemos desenvolver son:

As contempladas na PXA, no Proxecto Lingüístico do Centro e no Plan Anual de Lectura.



Como xa explicamos en metodoloxía aproveitaremos e fomentaremos as oportunidades que o centro , as persoas que visiten e as actividades planificadas nos oferten para mellorar a competencia lingüística do alumnado.

Día da infancia 20 de novembro, De 1º a 6º Equipo de actividades

Día contra a violencia de xénero 25 de novembro De 1º a 6º Equipo de actividades

Magosto ou Samaween 30 novembro De 1º a 6º Equipo de actividades

Día dos Dereitos Humanos 10 de decembro De 1º a 6º Equipo de actividades

Constitución e estatuto galego 3 ao 10 de decembro De 1º a 6º Equipo de actividades

Día das persoas discapacitadas 3 de decembro De 1º a 6º Equipo de actividades

Día da Declaración Universal dos Dereitos humanos 10 de decembro De 1º a 6º Equipo de actividades

Día da Paz 30 de xaneiro De 1º a 6º Equipo de actividades

Entroido 9 febreiro De 1º a 6º Equipo de actividades

Día Internacional da Muller 8 de marzo De 1º a 6º Equipo de actividades

Semana da Prensa 6 ao 10 de marzo De 1º a 6º Equipo de actividades

Día Mundial da Saúde 7 de abril De 1º a 6º Equipo de actividades

Día do Libro 23 de Abril De 1º a 6º Equipo de actividades

Día de Europa 9 de maio De 1º a 6º Equipo de actividades

Semana das Letras Galegas 15 ao 19 de Maio De 1º a 6º Equipo de actividades

Día Mundial do Medio Ambiente. 5 de xuño De 1º a 6º Equipo de actividades

Visitas e saídas escolares:

Ademais realizaranse visitas pola contorna, Moaña, Marín, Bueu Cangas, Vilaboa, Pontevedra e Vigo para facer actividades vinculados aos proxectos competenciais .

Fábricas do Morrazo como Connorsa, Fandicosta .

Escola Naval de Marín

Museo de Pontevedra

Carlos Oroza



Salinas de Toralla

Visitaremos as instalacións da policía, dos xulgados, e todas aquelas ofertadas relacionadas cos nosos proxectos

Saídas de convivencia.

O alumnado de 6º fará inmersión en lingua inglesa en Dublín e 5º de EP inmersión en galego en un campamento.

Ademais participaremos nas ofertadas por Afundación tanto en Vigo coma en Pontevedra, visita ás instalacións da Policía Local de Pontevedra e ao parque de Mollabao, visitaremos o colexio do Toural e as da contorna incluíndo ao parque anexo ao colexio para desenvolver actividades de educación física.

Calquera outra que fomente a colaboración entre os que, desde situacións e responsabilidades diferentes, formamos parte da comunidade educativa, actividades complementarias e extraescolares (Magosto, Entroido, Deporte en Idade Escolar, Semana Cultural, Cross de Riomaioir, ...). Este curso celebraremos a semana Cultural pero no mes de xuño.

En canto as actividades extraescolares realizadas polo alumnado :

Entendemos como tales os traballos extra que o profesorado asigna ao alumnado para seren realizados fóra do horario lectivo, nun prazo determinado e con obxectivos académicos e formativos predeterminados.

Deste xeito, o alumnado investiga, practica e reforza o aprendido na clase e tamén desenvolve as habilidades creativas, de reflexión e críticas. Serven para que o alumnado mellore o rendemento escolar, aprenda a aprender e a descubrir e poñer en práctica as súas propias técnicas de estudo e de traballo persoal, desenvolvendo a iniciativa, fortalecendo a autoestima e potenciando a autonomía e responsabilidade.

O Decreto 155/2022, do 15 de setembro, polo que se establece o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia contempla, na súa disposición adicional cuarta, que os centros, dentro do seu marco de autonomía pedagóxica e organizativa, establecerán, na PXA, as pautas e/ou criterios xerais sobre o uso das tarefas extraescolares.

Considerando estas premisas establécese que neste Centro:

Poderanse propoñer traballos escolares que permitan reforzar e afianzar aprendizaxes xa traballadas na aula; tarefas de lectura e preparación previa dos temas; de investigación e de búsqueda de información; de repaso, estudo e preparación de controis que deberán ser convenientemente valoradas a efectos de avaliación.

De maneira singular atenderase con esta proposta a aqueles alumnos/as que, por ausencia prolongada ou outras razóns, non poidan seguir o ritmo normal de traballo do alumnado da súa clase.

Desenvolverase estes criterios, cada curso, na PXA, atendendo á realidade do centro e do noso alumnado e considerando o establecido no referido Decreto 105/2014 respecto da conciliación



da vida persoal e familiar e o tempo de lecer do alumnado. Deste xeito o tempo abdicado para estas tarefas en 1º e 2º curso non poderá exceder de 10 minutos; en 3º e 4º de 30 minutos e en 5º e 6º unha hora.

Como ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES prevemos desenvolver as seguintes nas xornada da tarde, organizadas pola ANPA coa colaboración do Claustro e mailo Concello de Vilaboa

TAEKWONDO
 TENIS (1º/2º/3º)
 EXP. ARTISTICA
 PATINAXE (2º DIA)
 MULTIDEPORTE
 BALONMAN
 XIMNASIA RÍTMICA
 COCIÑA
 TENIS (4º/5º/6º)
 XXII CROSS ESCOLAR de RIOMAIOR.

Serán obxecto de avaliación os recursos materiais, a participación e implicación da comunidade escolar e a organización e temporalización das actividades propostas.

8. OS CRITERIOS PARA O DISEÑO DOS PLANS DE REFORZO OU DE RECUPERACIÓN PARA O ALUMNADO QUE PROMOCIONE CON MATERIAS, ÁMBITOS OU MÓDULOS PENDENTES DE CURSOS ANTERIORES, DE SER O CASO

A avaliación das aprendizaxes das alumnas e dos alumnos terá un carácter formativo e será un instrumento para a mellora tanto dos procesos de ensino como dos procesos de aprendizaxe. Será global, continua e formativa, e terá en conta o grao de desenvolvemento das competencias clave e o seu progreso no conxunto dos procesos de aprendizaxe.

No contexto deste proceso de avaliación continua, cando o progreso dunha alumna ou dun alumno non sexa o axeitado, estableceranse medidas de reforzo educativo. Estas medidas adoptaranse en calquera momento do curso, tan axiña como se detecten as dificultades, e estarán dirixidas a garantir a adquisición das aprendizaxes imprescindibles para continuar o proceso educativo.

O centro conta con modelos deseñados para a elaboración dos plans e reforzo e recuperación. Estes documentos serán elaborados polo profesor da materia suspensa asesorado polo equipo de orientación.

CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN E RECUPERACIÓN

Avaliarase fundamentalmente a través da observación sistemática da actividade da aula, con táboas de indicadores e realizaranse probas escritas, valorarase o traballo realizado na aula e os produtos elaborados tanto a nivel persoal de traballo na casa como os traballos voluntarios.



Utilizaranse rúbricas propias feitas pola mestra para avaliar e cualificar ao alumnado.

Para a avaliación final o peso das avaliacións será o seguinte nas áreas lingüísticas e matemáticas:

20 % a primeira avaliación

30% segunda avaliación

50 % a terceira avaliación.

E nas areas de sociais e naturais media aritmética

Os instrumentos serán táboas de indicadores para todas as unidades , serán diferentes segundo as evidencias que se queiran analizar e os tipos de producións probas orais que se realicen: intercambios co alumnado, dramatizacións e, instrucións na aula,...

Para obter a cualificación na avaliación continua ao longo do curso teremos en conta o rexistrado nas táboas de indicadores que imos utilizar

9. OS CRITERIOS PARA O DESEÑO DOS PLANS ESPECÍFICOS DE REFORZO OU PERSONALIZADOS PARA O ALUMNADO QUE DEBA PERMANECER UN ANO MÁIS NO MESMO CURSO, DE SER O CASO

Cando o alumnado non teña superados os obxectivos prioritarios e competencias básicas establecidos no PCC que lle impidan seguir o seguinte curso académico.

TODO o Equipo Docente debe adoptar a decisión de promoción ou non promoción por consenso sen exclusión.. Nesta decisión participa o equipo de orientación, con voz pero sen voto (artigo 57 da Orde do 8 de setembro do 2021).

O equipo docente considerará o grao de adquisición en cada un dos indicadores que figuran nas competencias.

Igualmente, teranse en conta os seguintes aspectos fundamentais no caso de promoción con algunha suspenso:

- Valoración do progreso en cada unha das áreas, baseándose nos coñecementos previos que xa posúe e apoiándose nos seus intereses, posibilidades e motivacións.
- O seu esforzo e madurez para continuar no ciclo seguinte con garantías de aproveitamento e a oportunidade da repetición para garantir unha maior consolidación das aprendizaxes básicas.
- A conveniencia ou non da separación do alumnado do seu grupo coas consecuencias, positivas ou negativas, que esta decisión poida ter na integración do alumnado, a súa personalidade, estado emocional, a conduta e a influencia que poida ter a mesma nun novo grupo.



- Os informes do Departamento de Orientación do Centro.

O informe será o aconsellado pola inspección educativa

10. OS CRITERIOS XERAIS PARA A AVALIACIÓN, E DE SER O CASO, A PROMOCIÓN E A TITULACIÓN

Como consecuencia da publicación da Orde 25 de xaneiro de 2022 e tendo en conta a circular 1/2022 que precisa aspectos da Orde 2 de marzo de 2021 debemos actualizar na concreción curricular:

1. Os criterios de promoción e titulación.
2. Os criterios de Matrícula de Honra.
3. Así como garantir o dereito do alumnado a que o seu rendemento se valore segundo criterios de plena obxectividade, para o que debemos adoptar as medidas precisas para facer públicos e comunicar ás familias os criterios de promoción e, de ser o caso, os criterios de titulación

CRITERIOS DE PROMOCIÓN E TITULACIÓN XERAIS

- Ao finalizar os cursos de 1º, 3º e 5º a promoción será automática.
- En 2º, 4º e 6º optarase polos seguintes criterios de promoción adoptados de forma colexiada por todo o claustro e debatidos anteriormente na Comisión de Coordinación Pedagóxica.

Criterios xerais de promoción específicos do CEP Plurilingüe de Riomaior.

A decisión de promoción do alumnado no CEP de RIOMAIOR establecerase de acordo cos criterios a seguir:

1. A persoa titora, asesorado polo resto do Equipo Educativo, propondrá na avaliación final do alumnado dúas alternativas respecto ao seu proceso de aprendizaxe:

1.1. Avaliación positiva - Promocionan:

Rendemento adecuado: Cando o alumnado teña obtido unha valoración positiva en todas as áreas, segundo os criterios de avaliación establecidos para cada unha delas no PCC (mínimos Ciclo).



Ou cando o alumnado non teña obtido unha valoración positiva nalgunha das áreas por non ter acadados os obxectivos previstos nelas, pero se dean outras casuísticas ou aspectos fundamentais explicados a continuación

1.2. Avaliación non positiva - Non promocionan:

Cando o alumnado non teña superados os obxectivos prioritarios e competencias básicas establecidos no PCC que lle impidan seguir o seguinte curso académico.

TODO o Equipo Docente debe adoptar a decisión de promoción ou non promoción por consenso sen exclusión.. Nesta decisión participa o equipo de orientación, con voz pero sen voto (artigo 57 da Orde do 8 de setembro do 2021).

O equipo docente considerará o grao de adquisición en cada un dos indicadores que figuran nas competencias.

Igualmente, teranse en conta os seguintes aspectos fundamentais no caso de promoción con algunha suspensa:

- Valoración do progreso en cada unha das áreas, baseándose nos coñecementos previos que xa posúe e apoiándose nos seus intereses, posibilidades e motivacións.
- O seu esforzo e madurez para continuar no ciclo seguinte con garantías de aproveitamento e a oportunidade da repetición para garantir unha maior consolidación das aprendizaxes básicas.
- A conveniencia ou non da separación do alumnado do seu grupo coas consecuencias, positivas ou negativas, que esta decisión poida ter na integración do alumnado, a súa personalidade, estado emocional, a conduta e a influencia que poida ter a mesma nun novo grupo.
- Os informes do Departamento de Orientación do Centro.

2. Decisión da promoción :

- a) O Equipo Docente que imparte docencia nel decidirá sobre a promoción do alumnado, de forma colexiada, valorando o criterio da persoa titora.
- b) O alumnado promocionará sempre que acade o desenvolvemento adecuado das competencias básicas e un adecuado grao de madurez. Accederá igualmente ao nivel seguinte cando as aprendizaxes non acadadas non supoñan un obstáculo para continuar satisfactoriamente.
- c) O alumnado que non cumpra as condicións anteriores, permanecerá un ano máis no mesmo ciclo. Esta medida só poderá ser adoptada unha vez ao longo de toda a Educación Primaria e irá acompañada dun plan específico de reforzo e recuperación organizado arredor das competencias básicas.

3. Promoción á ESO:

- a) O alumnado promocionará á etapa de Educación Secundaria Obrigatoria se alcanzou os obxectivos da Educación Primaria e coa suficiente adquisición das competencias básicas guiado polo estándares prioritarios e un adecuado grao de madurez.



b) Accederá igualmente cando as aprendizaxes non acadadas non sexan un obstáculo para seguir satisfactoriamente a nova etapa. Neste caso, a persoa titora, no informe persoal, precisará ás dificultades presentadas e os obxectivos da etapa non logrados, así como as medidas adoptadas ata ese momento a fin de que o centro receptor poida establecer as medidas necesarias de reforzo

MEDIDAS A ADOPTAR

1. O alumnado que acade unha avaliación inadecuada con algunha área con cualificación negativa recibirá os apoios necesarios para recuperar as aprendizaxes que non alcanzara o nivel anterior.

2. O alumnado que acade unha avaliación non positiva ou insuficiente e non acade a promoción, permanecerá un ano máis no mesmo ciclo. A permanencia no mesmo ciclo considerárase unha medida de carácter excepcional e tomarase, tras aplicar as medidas ordinarias suficientes, adecuadas e personalizadas para atender o desfasamento curricular ou as dificultades de aprendizaxe da alumna ou do alumno. O equipo docente considera que a permanencia un ano máis no mesmo curso é a medida máis adecuada para favorecer o seu desenvolvemento. Nese caso, o equipo docente organizará un plan específico de reforzo para que a alumna ou o alumno poida alcanzar o grao de adquisición das competencias correspondentes. Esta decisión só poderá adoptarse unha vez durante a etapa, oídas as nais, os pais ou as persoas que exerzan a tutoría legal, aínda que non é vinculante, deberá ser oída e terá, en todo caso, carácter excepcional.

3. Para a elaboración e o seguimento do plan específico de reforzo, ao que se refire o punto anterior, seguirase o establecido no artigo 50 da Orde do 8 de setembro de 2021, pola que se desenvolve o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación.

4. Ao finalizar os cursos de segundo e cuarto da etapa o profesorado titor emitirá un informe sobre o grao de adquisición das competencias de cada alumna ou alumno, indicando, de ser o caso, as medidas de reforzo que se deben prever no curso seguinte.

5. Co fin de garantir a continuidade do proceso de formación do alumnado, cada alumna ou alumno disporá ao finalizar a etapa dun informe elaborado pola súa titora ou polo seu titor sobre a súa evolución e o grao de adquisición das competencias desenvolvidas. No caso de alumnado con necesidades educativas especiais, o informe deberá reflectir as adaptacións e medidas adoptadas, e a súa necesidade de continuidade na seguinte etapa escolar.

11. OS CRITERIOS XERAIS DO OUTORGAMENTO DE MATRÍCULAS DE HONRA, DE SER O CASO

CRITERIOS XERAIS DO OUTORGAMENTO DE MENCIÓNS HONORÍFICAS

Os equipos docentes poderán propoñer o outorgamento da mención honorífica ao alumnado que cumpra o seguinte requisito:



Que obtiveran Sobresaínte ao finalizar a educación primaria nunha área ou en varias que demostrasen un rendemento académico excelente

A proposta de «Mención honorífica» farase constar na acta de avaliación.

12. AS DECISIÓNS E CRITERIOS XERAIS PARA A ELABORACIÓN E AVALIACIÓN DAS PROGRAMACIÓNS DIDÁCTICAS

Seguindo as directrices do decreto 155/2022 do 15 de setembro no Artigo 15. Programacións didácticas

1. Os centros docentes desenvolverán o currículo das ensinanzas de educación primaria mediante a elaboración das correspondentes programacións didácticas para cada unha das áreas ou ámbitos seguindo as decisións e os criterios xerais establecidos na concreción curricular, e tendo en conta o disposto nos correspondentes regulamentos orgánicos.

2. As programacións didácticas das áreas ou ámbitos das ensinanzas de educación primaria incluírán, como mínimo, os seguintes elementos:

a) Introducción.

b) Obxectivos da área e a súa contribución ao desenvolvemento das competencias clave.

c) Relación de unidades didácticas, entendidas como a parte do currículo da área que se traballará, coa súa secuenciación e temporalización.

d) Metodoloxía.

Concrecións metodolóxicas.

Materiais e recursos didácticos.

e) Avaliación.

Procedemento para a avaliación inicial.

Criterios de cualificación con indicación do grao mínimo de consecución para a superación da área e criterios de recuperación.

f) Medidas de atención á diversidade.

g) Transversal.

Concreción dos elementos transversais.

Actividades complementarias.



h) Práctica docente.

Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a práctica docente cos seus indicadores de logro.

Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora da programación.

3. O equipo docente realizará o seguimento das programacións didácticas de cada área, con indicación do seu grao de cumprimento e, en caso de desviacións, cunha xustificación razoada.

4. A consellería con competencias en materia de educación promoverá o uso das tecnoloxías da información e da comunicación na elaboración e no seguimento das programacións didácticas.

As programacións didácticas serán avaliadas trimestralmente utilizando un modelo deseñado polo centro onde se inclúen aspectos de temporalización, metodoloxías e avaliación.

As programacións son flexibles e susceptibles de ser modificadas para que se adapten ás características do alumnado do centro.

13. OS CRITERIOS PARA A PARTICIPACIÓN DO CENTRO EN PROXECTOS, PLANS E PROGRAMAS

O CEP Plurilingüe de RIOMAIOR dispón de autonomía pedagóxica, de organización e de xestión no marco da Lei Orgánica 2/2006(LOE), do 3 de maio modificada pola Lei Orgánica 3/2020, de 29 de decembro (LOMLOE), así como da normativa lexislativa que as desenvolven.

Neste marco e a través do noso Proxecto Educativo, propomos unha educación de calidade para todo o alumnado, baseada no principio do esforzo e na participación activa e efectiva de todos os sectores que compoñen a comunidade educativa, a través das canles regulamentarias establecidas, mantendo sempre unha política de diálogo e equilibrio entre eles.

A especificación dos obxectivos preferentes que pretendemos conseguir no curso 2023-2024 aparece contida nos PLANS ESPECÍFICOS seguintes:

Plan de acción tutorial

Plan Anual de Orientación

Plan de atención á diversidade

Plan anual de lectura

Plan dixital

Plan de actividades extraescolares

Programa plurilingüe

Proxecto lingüístico

Proxecto integrado das linguas (TIL)

Plan de Autoprotección escolar

Plan Proxecta: Alimentate ben, Paisaxe e sostenibilidade, PVDA e mobilidade segura

Contratos Programa: CP INCLÜE: IgualaT, convive-Inclúe-t, emociona-t e CP INNOVA con EDU-INNOVA, EDU-EXCELENCIA; EDU-SAÜDE, EDU-SOSTENIBILIDADE



Plan Alerta Escolar.
Plan director
Atrévete
Revitalízate
Plan de formación PFPP
Plans de acollidas
Proxecto da túa man da Deputación

O claustro decide a principio de curso os plans, proxectos e programas que solicitará seguindo o criterio de coherencia coa planificación de unidades didácticas e tema condutor do centro.

Priorizarase aqueles que aporten contidos e competencias favorables para o alumnado.

14. O PROCEDEMENTO PARA A REVISIÓN, AVALIACIÓN E MODIFICACIÓN DA CONCRECIÓN CURRICULAR

Ao remate do curso (cando se faga a memoria anual) organizarase unha reunión da avaliación da concreción curricular establecendo todas as melloras e modificacións que sexan precisas para o curso seguinte.

Nesta reunión valorarase a consecución dos obxectivos establecidos e outros aspectos importantes para a adquisición de contidos e competencias.